

D I T A M E

Ditame
12/06

sobre o anteproxecto de
Lei de **modificación**
da Lei 4/1988, do 26 de maio,
da **función pública** de Galicia



A P R O B A D O P O L O P L E N O O 2 3 D E O U T U B R O



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

■ ANTECEDENTES

1.- En data 22 de setembro tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o borrador do anteproxecto de Lei de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2, *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, o mesmo día 22 de setembro, da entrada de solicitude de ditame.

3.- Nesa mesma data, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o 9 de outubro, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 15/06, acorda aprobar a proposta de ditame, con data 16 de outubro, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello para o 23 de outubro. Por enfermidade do presidente, a sesión foi presidida por Manuel Caeiro Varela, representante do Grupo II, membro do maior idade do Pleno (art. 22 do Regulamento do Réxime Interno). O Pleno, tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

■ ESTRUCTURA E CONTIDO

O anteproxecto de Lei sometido a ditame ten por obxecto iniciar o camiño da mellora e modernización do emprego público.

Contén un artigo único de *Modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia*, que contempla 48 apartados: 42 modificacións no seu articulado, 2 nas disposicións adicionais e 4 nas transitorias.

■ CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- A primeira das consideracións xerais a este Anteproxecto de Lei, e que resulta obrigado reiterar novamente, é que o prazo requirido no trámite de urxencia para a emisión de ditame implica unha celeridade no estudo deste Anteproxecto que pode ir en detrimento da desexada calidade do mesmo, e consecuentemente, do resultado agardable do labor consultivo do Consello.

2.- O CES considera necesaria a refundición de toda a normativa da función pública de Galicia en tanto que, coa dispersión existente, a Lei de tal título que no ano 1988 se ditou, veríase afectada por unha nova modificación que, sumada ás anteriores, converte unha lei da importancia da presente nunha norma confusa e de difícil manexo por parte das persoas interesadas.

Nótese que a Lei da función pública de Galicia, do 26 de maio de 1988, foi obxecto de, polo menos, as seguintes modificacións:

- Lei 4/1991, do 8 de marzo;
- Lei 8/1992, do 24 de xullo;

- Lei 4/1993, do 14 de abril;
- Lei 1/1994, do 30 de marzo;
- Lei 3/1995, do 10 de abril;
- Lei 11/1996, do 30 de decembro;
- Lei 2/1998, do 8 de abril;
- Lei 7/1998, do 30 de decembro;
- Lei 8/1999, do 30 de decembro;
- Lei 2/2002, do 29 de abril;
- Lei 3/2002, do 29 de abril;
- Lei 7/2002, do 27 de decembro;
- Lei 5/2003, do 27 de outubro;
- Lei 9/2003, do 23 de decembro;
- Lei 14/2004, do 29 de decembro.

En opinión do CES, existe unha necesidade urxente de proceder a, ou mesmo ter aproveitado esta modificación para, refundir nun só texto a Lei da función pública de Galicia.

3.- Recóllense neste ditame diversas consideracións particulares que suporían reformar algúns artigos da Lei 4/1998 que non aparecen modificados no anteproxecto de Lei de Modificación. Sen embargo, o CES entende que debería aproveitarse a oportunidade desta Lei de Modificación para incorporar tamén estas outras consideracións.

Neste senso, o CES incorpora neste ditame un apartado denominado **“Consideracións particulares complementarias”**, onde se inclúen estas outras consideracións non contempladas neste anteproxecto de Lei de modificación da Función Pública.

4.- O CES considera fundamental o uso correcto do idioma nos textos oficiais, polo que se solicita que se aplique a normativa vixente en materia de normalización lingüística. Neste senso, propónse a eliminación das letras j) e k) das clasificacións do presente anteproxecto de lei por non existir no noso idioma.

■ CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- O apartado segundo do artigo único deste Anteproxecto de Lei modifica o artigo 6.1. para, segundo a exposición de motivos desta Lei, “dotar de maior transparencia ao proceso de nomeamento de persoal eventual, delimitando ademais as súas funcións”.

O CES considera que coa nova redacción deste artigo pode deducirse que se está a ampliar a posibilidade de nomeamento de persoal eventual. Mentres que da redacción anterior se desprendía que a libre designación era competencia exclusiva dos conselleiros, na modificación proposta amplíase a posibilidade deste tipo de nomeamentos a outros cargos “*responsables de departamentos*”, o que de ser mal empregado, podería desnaturalizar a figura se non se procede a clarificar qué órganos poden efectuar este tipo de nomeamentos.

Neste senso, o CES remítese ao que en relación ao vocablo “departamento” expresou na consideración 14 do Ditame 7/06, do 21 de xuño, na que se indicaba que “*a indeterminación do vocablo “departamento” (que deriva do francés Département) pode inducir a confusión dado que o mesmo pode referirse por igual á Consellería competente por razón da materia ou á Dirección Xeral...*”.

En opinión do CES, neste artigo debería substituírse a expresión “(...) *das persoas titulares dos diferentes departamentos* (...)” pola seguinte:

“(...) *das persoas titulares das consellerías correspondentes* (...)”.

Asemade, tampouco se está a clarificar cales son as funcións deste tipo de persoal, polo que resulta insuficiente en relación á exposición de motivos.

2.- O apartado cuarto reforma o artigo 7 da Lei, referido ao persoal interino, engadindo un segundo parágrafo ao artigo 7.1.. O CES entende que esta nova redacción deberá incorporar dúas modificacións. Dunha banda, o novo texto refírese tan só ao persoal ao servizo da Administración autonómica,

polo que proponse incluír, despois do punto e seguido, a expresión: ***“No caso das administracións públicas distintas da autonómica, o informe favorable previo corresponderá aos seus órganos competentes”***.

A segunda modificación que se propón refírese tanto á duración máxima destes nomeamentos coma ao peso relativo dos mesmos no persoal funcionario do centro directivo e na Xunta de Galicia. Así, proponse substituír a expresión ***“(...) durarán un máximo de seis meses (...)”*** por

“(...) durarán un máximo de tres meses (...)”

Ademais, o CES considera necesario modificar as porcentaxes recollidas no segundo parágrafo, polo que a súa nova redacción quedaría así:

“(...) poderán superar o 15% do total do persoal funcionario do centro directivo, nin o 2% do persoal funcionario da Xunta de Galicia”.

3.- O apartado seis engade un novo punto 5 ao artigo 7 onde se indica que o persoal interino ***“gozará dos mesmos dereitos recoñecidos ao persoal funcionario”***. O CES entende que o persoal interino xa está equiparado ao persoal de carreira, polo que esta matización non só é innecesaria senón que tamén pode inducir a erróneas interpretacións.

4.- No que atinxe ao **apartado sétimo** do artigo único, referido ao persoal laboral (artigo 9), o CES opina que neste artigo só debería figurar a definición de persoal laboral, e que o referente as causas de excepcionalidade deberían incluírse nunha disposición adicional.

Asemade, o CES entende que se debería incorporar un segundo parágrafo no primeiro punto deste artigo 9 onde se defina a figura do laboral interino.

5.- O apartado noveno modifica o punto 2.7 do artigo 13. En opinión do CES, ao final da nova redacción habería que engadir o seguinte texto:

“(...). Esta garantía terá que ser respectada nas correspondentes convocatorias de cobertura de postos de traballo.”

6.- No que atinxe ao **apartado décimo terceiro**, que modifica o artigo 25 da Lei 4/1988, o CES considera que se debería incluír no contido das relacións de postos de traballo, as funcións que se desempeñan. Neste senso, debería substituírse o *artigo 25.1 b) “Denominación, tipo e sistema de provisión”* pola seguinte expresión:

25.1 b) “Denominación, tipo, sistema de provisión e funcións que desempeñan”

Asemade, debería incorporarse un novo apartado neste artigo 25.1 onde se indique se o posto está ou non vacante.

7.- Os **apartados 14 a 16** do artigo único fan referencia a modificacións no artigo 27 da Lei de Función Pública, que determina os procedementos para a provisión dos postos de traballo vacantes adscritos a funcionarios. O CES considera que neste proceso debería garantirse a presenza dos representantes legais dos traballadores nas comisións de valoracións dos concursos. Así, propónse que o actual parágrafo 2 do primeiro apartado deste artigo quede redactado da seguinte maneira:

“Para tal efecto crearanse comisións de valoración, das que se determinará regulamentariamente a súa composición e o seu funcionamento. En todo caso, a súa composición deberá garantir a presenza da representación legal dos empregados públicos nas mesmas”.

No que ao seu apartado 6 se refire, o CES entende que se debería garantir a negociación previa dos plans de emprego e reasignación de efectivos coa representación legal dos traballadores. Asemade, considera que na reasignación de efectivos debería suprimirse a obriga de aceptar praza que supoña o cambio de concello e, en todo caso, se debería delimitar unha zonificación para o cambio de destino por aplicación dun Plan de Emprego.

No novo número 8 do artigo 27, propónse substituír a palabra “*funcionaria*” por “***empregada pública***”, de tal xeito que este artigo 27.8 comezaría por

“A empregada pública vítima de violencia (...)”

Un último aspecto a ter en conta neste artigo 27 é que dada a existencia da figura das comisións de servizos e adscricións provisionais, propónse a incorporación dun novo apartado que aluda á necesidade do desenvolvemento regulamentario da súa utilización.

8.- O apartado 17 modifica o artigo 28 da Lei para dar cumprimento o obxectivo de redución dos postos que deben ser cubertos por libre designación. En aras a eliminar posibles ambigüidades e para unha maior claridade, habería que eliminar as excepcións. Neste senso, o CES considera que este artigo debería facer referencia só aos postos de subdirectora e subdirector xeral e ás secretarías de altos cargos.

O novo artigo 28 proposto tería a seguinte redacción:

“Só se poderán cubrir polo sistema de libre designación coa convocatoria pública entre persoal funcionario os postos de traballo de subdirectora ou subdirector xeral, e as secretarías de altos cargos.”

9.- O punto 26 modifica o segundo parágrafo do número 4 do artigo 55. En opinión do CES, debería incrementarse até un máximo de tres anos a excedencia para atender ao coidado dun familiar ao que se refire este parágrafo. Neste senso, propónse a substitución da expresión “(...), *prorrogable ata un máximo de dous*, (...)” por

“(...), prorrogable ata un máximo de tres, (...)”

Por outra parte, en relación co parágrafo terceiro, debería preverse a posibilidade de que o período de excedencia ao que se teña dereito, poda ser utilizado discontinuamente.

Finalmente, en canto aos parágrafos quinto e sexto deste apartado 4, o CES considera que a reserva de praza debe estenderse á duración de todo o período de excedencia.

10.- O apartado 27 engade un novo punto 6 ao artigo 55, que trata sobre a excedencia por razón de violencia sobre a muller funcionaria. O CES enten-

de que, agás no que se refire á non necesidade de teren prestado un tempo mínimo de servizos previos, se debería equiparar a excedencia da funcionaria vítima de violencia de xénero ao resto das excedencias.

11.- O apartado 28 deste artigo único modifica o número 2 do artigo 60 da Lei de Función pública. O CES considera que, dado que hai moitas categorías de persoal laboral que, na práctica, non teñen ningunha opción de promoción, se non é a ofertas de persoal funcionario, habería que incluír o dereito á promoción cruzada.

12.- O apartado 30 do artigo único fai referencia a unha modificación no artigo 69, ao que engade un novo punto 4 sobre a acumulación ao período de vacacións dos permisos de maternidade, paternidade, lactancia, así como os períodos de incapacidade temporal derivados do embarazo.

Con relación ao apartado 1 deste mesmo artigo, o CES entende que debería preverse a posibilidade do goce das vacacións por períodos diferentes do mensual. Así, habería que incorporar o dereito a substituír o mes por 23 días laborais, a coller en períodos mínimos de cinco días.

En canto ao terceiro apartado deste artigo 69, que trata do calendario vacacional, o CES quere subliñar a obriga de negociar o calendario laboral.

13.- O apartado 34 incorpora unha modificación da letra e) do artigo 70.1. No segundo parágrafo establécese que a funcionaria ou funcionario poderá optar por substituír a redución de xornada por unha ampliación do permiso de maternidade de catro semanas ininterrompidas. O CES considera que se podería incrementar esta ampliación até as cinco semanas, polo que o segundo parágrafo deste artigo 70.1. e) quedaría redactado da seguinte maneira:

“A funcionaria ou funcionario poderá optar por substituír esta redución de xornada por unha ampliación do permiso de maternidade de cinco semanas ininterrompidas.”

14.- No **apartado 35** preséntase unha nova redacción da letra f) do artigo 70.1. O CES entende que o dereito a diminución da xornada podería comezar en 1/8 da mesma, en vez de 1/3, así como preverse a flexibilización do horario. Así, debería substituírse “(..) *terá dereito a unha diminución de un terzo ou un medio da xornada de traballo, (...)*” pola seguinte expresión

“(..) terá dereito a unha diminución dende un oitavo ata un medio da xornada de traballo, (...)”

15.- O **apartado 40** do artigo único establece modificación do parágrafo terceiro do artigo 70.4. O CES entende que a Lei da Función Pública galega debería resultar exemplar nas políticas de conciliación da vida laboral e familiar, polo que podería aproveitarse a oportunidade das modificacións operadas polo anteproxecto a ditame, para ampliar sensiblemente o permiso de maternidade no caso de fillos e fillas prematuros.

16.- O **apartado 43** establece unha modificación da disposición adicional “7ª. Acceso ao emprego público de persoas con discapacidade”.

O seu primeiro apartado reflicte que se reserva unha cota non inferior ao sete por cento das vacantes para seren cubertas entre persoas con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%. O CES considera que as prazas da cota reservada que queden vacantes terían que acumularse ás libres.

Con independencia da reserva de vacantes, o CES entende que as Administracións Públicas deberían crear, dentro da relación de postos de traballo, postos de adscrición preferente ás persoas con discapacidade de difícil inserción laboral. As persoas que accedan a estes postos non poderían acceder a outros non adscritos coa mesma finalidade.

Co obxecto de avaliar os resultados do acceso ao emprego público das persoas con discapacidade, o CES considera que a Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza, debería elaborar un informe balance no que constara toda a información e as estatísticas relevantes producidas no período sobre o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

17.- O apartado 46 presenta unha modificación da disposición transitoria 2ª. O CES entende que debería engadirse un novo parágrafo co seguinte texto: *“No prazo de seis meses dende a entrada en vigor desta lei, deberán figurar na RPT con cobertura por concurso. Ademais, deberán incluírse na primeira convocatoria de concurso de traslados”*.

■ CONSIDERACIÓNS PARTICULARES COMPLEMENTARIAS

1.- O CES entende que habería que aproveitar esta modificación para limitar o carácter de provisionalidade das adscricións para o bo funcionamento do servizo da Administración e a estabilidade no emprego. Neste senso, podería establecerse esta limitación nun máximo de dous anos.

2.- O CES considera que no **artigo 29** debería garantirse a negociación dos Plans de Emprego e das OPEs, así coma incluír a obrigatoriedade de convocar, anualmente, todas as vacantes. Asemade, a súa resolución debería facerse efectiva no ano.

3.- O CES propón engadir no segundo parágrafo do artigo 29.6, despois de *“oferta de emprego público”* o inciso *“que terá carácter anual”*, de tal xeito que a redacción deste parágrafo será:

“A oferta de emprego público, que terá carácter anual, será aprobada polo Consello da Xunta a proposta da Consellería competente en materia de función pública”.

4.- O CES considera que debería establecerse no **artigo 32.2** da Lei 4/1988 o criterio xeral de que os tribunais serán nomeados a sorteo entre os/as funcionarios/as do mesmo corpo ou dun corpo superior.

5.- Nas probas selectivas de acceso, **artigo 32** da Lei, debería garantirse a presenza da representación legal dos empregados públicos.

6.- No que atinxe ao **artigo 36**, que se refire á promoción interna, e en particular, ao proceso de selección por concurso-oposición, o CES propón que as bases recollan que os tribunais estean obrigados a acordar e publicar, antes de proceder á corrección das probas, a nota de corte, o número de preguntas que hai que acertar para superar a fase de oposición, que en ningún caso deberá ser superior ao 50%.

7.- En opinión do CES, o **artigo 47** debера modificarse, en relación coa normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais, no senso de abrir a posibilidade de que, previa consideración dos órganos de participación e negociación, e informe da Comisión Superior de Persoal, se aproben polo Consello da Xunta normas que fagan efectivo o dereito do persoal dos corpos e escalas que se determinen, a situación de segunda actividade, nun posto normalmente cuberto polos corpos xerais. Esas normas deberían respectar as liñas xerais dos principios de igualdade, mérito e capacidade, así como os dereitos do persoal que non sexa beneficiario destas medidas.

■ VOTOS PARTICULARES

VOTO PARTICULAR PRESENTADO POLA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES DE GALICIA e o S.N. CC.OO. DE GALICIA

DITAME DO CES - GALICIA AO ANTEPROXECTO DE LEI
POLA QUE SE MODIFICA A LEI 4/1988, DO 26 DE MAIO,
DA FUNCIÓN PÚBLICA DE GALICIA

En relación co presente ditame aprobado polo Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, a Unión Xeral de Traballadores de Galicia e o S.N. Comisións Obreiras de Galicia, que suscriben o presente Voto particular manifestan que, non opoñéndose á totalidade do contido deste ditame, deberíase estender o recollido no apartado Corenta e catro do artigo único de Modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, no que se engade unha disposición adicional 15ª, na que se reconece que o *“O persoal que, con efectos anteriores a 7 de outubro de 1996, tivese recoñecida a condición de indefinido na súa relación laboral por sentenza xudicial firme ou por resolución da Subsecretaría de Traballo e Asuntos Sociais de 24 de xullo de 1997 en virtude das previsións contidas no Plan de Emprego do INEM, terá os mesmos dereitos que o persoal laboral fixo. Este persoal será obxecto de funcionarización, mediante un procedemento selectivo que respecte os principios de igualdade, mérito e capacidade. O persoal que non participe, ou participando, non supere o proceso de funcionarización, conservará tódolos seus dereitos, como persoal laboral da Xunta de Galicia. O proceso de funcionarización deberá iniciarse no prazo máximo de doce meses a partires da entrada en vigor desta Lei”* ao persoal transferido á Comunidade Autónoma de Galicia procedente do INEM polo Real Decreto 146/1993, de 26 de marzo, de traspaso de funcións y Servicios de la Gestión de la Formación Profesional Ocupacional a la Comunidad Autónoma de Galicia.

A xustificación deste voto particular é a de reivindicar á igualdade de dereitos dos traballadores transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia no ano 1993 cós transferidos no ano 1998. O persoal transferido no ano 1993 realizouse sen contar coa voluntariedade do mesmo, polo que deben asimilarse os dereitos de ambos colectivos.

Polas razóns expostas, a Unión Xeral de Traballadores de Galicia e o S.N. Comisións Obreiras de Galicia incorporan este Voto particular ao Anteproxecto de Lei pola que se modifica a Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función pública de Galicia.

VOTO PARTICULAR
que formulan as representacións no Pleno do CES
da CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)
E DO SINDICATO LABREGO GALEGO (SLG)

ao Ditame sobre o anteproxecto de
Lei de modificación da Lei 4/1988, do 26 de Maio,
da Función Pública de Galicia.

As e os membros do Pleno do CES que subscribimos este voto particular, queremos manifestar, en primeiro lugar, que o conxunto do ditame merece a nosa aprobación e voto favorable, ao ser produto dos traballos e debates realizados na Comisión Sectorial, que propiciaron o consenso dos diferentes grupos na súa redacción final, e recoller as aportacións que temos formulado na Comisión Sectorial.

Por outra parte, no seu momento a CIG apoiou co seu voto, no seo da Comisión de Persoal da Administración Autonómica, o informe favorable que maioritariamente se aprobou, sobre o borrador do anteproxecto de Lei que agora nos ocupa. Iso non é obstáculo para que coidemos do maior interese, para a mellora e perfeccionamento do proxecto normativo, que se incorporen as consideracións que se integran neste ditame do CES, tanto de índole xeral como particular, e mesmo as que definimos como “complementarias”, referidas a algúns preceptos da lei 4/1988 que non estando afectados pola modificación que este anteproxecto comportaría, están necesitados de revisión e modificación.

En definitiva, este Voto Particular céntrase na que entendemos como conveniente incorporación dunha nova Consideración Particular, en relación ao punto dezaioito do artigo único do anteproxecto, que modifica o artigo 33 da Lei 4/1988, rezando no seu segundo parágrafo: “*A estes efectos as bases das convocatorias poderán establecer que unha ou máis das probas do proceso selectivo deban realizarse exclusivamente en lingua galega e iso, sen*

prexuízo de outras probas adicionais, que puidesen preverse, para aqueles postos que requiran un especial coñecemento da lingua galega”.

Consistiría esa Consideración Particular, na substitución dos dous incisos que resaltamos polos de **“establecerán”** ou **“deberán establecer”**, no primeiro caso, e **“se realicen”**, no segundo.

Esta consideración, de ser aceptada, faría que o segundo parágrafo do artigo 33 gardase a axeitada coherencia co enunciado do primeiro parágrafo do mesmo artigo: *“Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito dos administrados ao uso da lingua propia de Galicia nas relacións coa Administración Pública no ámbito da Comunidade autónoma e en cumprimento da obriga de promover o uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o art. 6.3 da Lei de Normalización lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e nas entidades locais de Galicia, terá que demostrarse o coñecemento da lingua galega”.*

Efectivamente, consonte á lei 3/1983, de normalización lingüística, dentro da obriga xeral dos poderes públicos de garantía do uso normal do galego (art.2), o galego constitúe a norma lingüística de aplicación (sen prexuízo do carácter oficial tamén do castelán; art.4) e os cidadáns teñen o dereito a ser atendidos en galego, oralmente ou por escrito (art.6) nas súas relacións coa Administración Pública no territorio da Comunidade Autónoma.

Finalmente, temos que indicar que a norma básica da lei 30/1984, de reforma da función pública, dispón no seu artigo 19.3 que *“nas convocatorias para acceso á función pública, as administracións públicas no respectivo ámbito das súas competencias deberán prever a selección de funcionarios debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas comunidades autónomas que gocen de dúas linguas oficiais”.*

DITAME DO CES - GALICIA AO ANTEPROXECTO DE LEI
POLA QUE SE MODIFICA A LEI 4/1988, DO 26 DE MAIO,
DA FUNCIÓN PÚBLICA DE GALICIA

***VOTO PARTICULAR QUE PRESENTA
A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA***

Os conselleiros do Grupo Segundo, integrado polos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, discrepan nalgúns aspectos do contido do Ditame aprobado polo Consello Económico e Social de Galicia na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 23 de outubro de 2006 sobre o Anteproxecto de Lei, ao non estar de acordo con certos puntos da redacción proposta nel.

Concretamente, no texto do Ditame abórdanse varias propostas de ampliación do réxime de excedencias e permisos (“v. gr.” propostas 9, 12 e 13 das consideracións particulares) por riba da regulación actual e tamén da prevista na proposta de modificación.

Este Grupo Segundo quere lembrar que xa o carácter social da reforma da lei inspira un bo número de medidas tendentes á introdución de mecanismos eficaces de conciliación da vida persoal, laboral e familiar, inspiradas en boa medida no Plan integral para a conciliación da vida personal e laboral na Administración xeral do Estado.

E que o establecemento de novas medidas ampliatorias do réxime de permisos e excedencias requiriría dunha xustificación destas mediante unha previsión da repercusión das propostas en termos de incremento do custo do sistema público, salvagardando a eficacia do servizo público; xustificación que non se ten achegado.

Polas razóns expostas, o Grupo Segundo non comparte os aspectos relacionados en este voto particular sobre o Ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2006

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Manuel Caeiro Varela

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano

ANEXO

ANTEPROXECTO DE LEI POLA QUE SE MODIFICA A LEI 4/1988, DO 26 DE MAIO, DA FUNCIÓN PÚBLICA DE GALICIA

A mellora e modernización da función pública debe ser un obxectivo permanente de toda administración pública. Non pode existir unha boa administración pública alí onde o sistema de emprego público é deficiente. Alén diso, a garantía dos principios constitucionais de acceso ó emprego público é un obxectivo irrenunciable na nosa sociedade democrática.

Deste xeito, a racionalización e modernización do emprego público é sen dúbida unha necesidade para facer efectivo o dereito a unha “boa administración” dos asuntos públicos, ó servizo dos cidadáns e das cidadás nunha sociedade democrática avanzada.

Pendientes, no momento actual da elaboración do proxecto de Estatuto do Empregado Público, os poderes públicos de Galicia deben, porén comezar inmediatamente a aplicar unha serie de medidas urxentes para a mellora e racionalización do emprego público autonómico.

O actual texto é o resultado dese desexo de comeza lo camiño da modernización do emprego público, sendo froito en boa parte do intercambio de ideas coas forzas sindicais máis representativas no sector, coas que se constituíu unha mesa de traballo para a elaboración dun borrador de anteproxecto.

Modifícase o artigo 6.1 para dotar de maior transparencia ó nomeamento de persoal eventual, delimitando ademáis as súas funcións.

Refórmase o artigo 7 da Lei, referido ó persoal interino. Créase a figura do persoal interino por acumulación de tarefas. Con isto trata de responderse a unha necesidade organizativa na moderna administración pública, que ata o de agora tan só se podía cubrir acudindo a solucións pouco axeitadas como o nomeamento de persoal laboral temporal.

Na súa redacción orixinal o artigo 9 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia parece esixir que os laborais ocupasen postos de traballo “clasificados como tales” na relación de postos de traballo. Porén, é frecuente que o persoal laboral ocupe postos de traballo reservado a persoal funcionario. Son as funcións do posto as que deben definir a natureza do mesmo, e non o tipo de relación xurídica existente entre a persoa contratada e a administración.

A nova redacción do artigo 9.4 intenta establecer de forma respectuosa cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, unha regulación dos efectos da declaración de indefinición dunha relación laboral temporal, ou da declaración de laboralidade dunha contratación administrativa. A regulación baséase nos pronunciamentos xurisprudenciais máis recentes: o persoal declarado laboral indefinido non ten carácter de fixo, porque os empregos públicos deben proveerse de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Pero ademáis, tras unha sentenza estimatoria dunha reclamación de indefinición laboral, a administración debe regularizala situación creando a praza coa natureza funcional ou laboral que corresponda, e poñendo en marcha os procedementos necesarios para a súa cobertura ordinaria.

Os artigos 4, 5 e 6 desta Lei de reforma, modifican as competencias de determinados órganos conferíndolles unha maior participación na ordenación dos recursos humanos da administración pública autonómica.

O principio de transparencia proxéctase, asemade, no establecemento, con carácter obrigatorio dos rexistros de persoal das entidades locais, como un instrumento fundamental tamén da organización, xestión e planificación do persoal das entidades locais.

O punto 3º do artigo 25 modifícase para garantir a participación dos representantes do persoal, na elaboración das relacións de postos de traballo, no que afecte ás condicións de traballo das empregadas e dos empregados públicos.

O artigo 27 modifícase para garantir a periodicidade nos concursos para a promoción profesional do persoal, a efectividade da adscrición por causas de saúde, e garantir o traslado das funcionarias vítimas de violencia de xénero que así o soliciten, beneficiándose ademais, das ventaxas que para a traballadora supón a consideración do traslado coma forzoso, cando se deba a razóns de violencia de xénero.

Modifícase tamén o artigo 28 para dar cumprimento o obxectivo de redución dos postos que deben ser cubertos por libre designación. O sistema de libre designación, debe estar debidamente xustificado, sen que haxa ningunha razón para que con carácter xeral se adxudique esta condición a todos os postos de traballo que superen determinado nivel de complemento de destino. Con esta medida poderase acadar unha función pública máis profesionalizada e seleccionada de xeito máis obxectivo, sen prexuízo, dende logo da súa capacitación e preparación para o desempeño do posto.

O artigo 12 modifica o artigo 33, establecendo medidas para asegurar o cumprimento do xa existente deber de acreditación do coñecemento da lingua galega no acceso ó emprego público autonómico. A medida tenta posibilitar o cumprimento no ámbito da función pública, do establecido no Plan de Normalización Lingüística, aprobado por unanimidade das forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia, así coma do disposto na Lei de Normalización Lingüística de Galicia.

O artigo 13 leva ó seu lugar a regulación legal da selección do persoal laboral, que antes se contiña no mesmo artigo no que se definía este persoal.

O artigo 14 modifica o artigo 42 da Lei eliminando a integración automática do persoal que acade postos na administración autonómica, sen prexuízo do cumprimento dos acordos de mobilidade entre administracións públicas que poidan ser asinados, e atendendo especialmente, de novo, as funcionarias vítimas da violencia de xénero.

A modificación do artigo 60, reforza a promoción interna como un instrumento básico na motivación e capacitación dos empregados e empregadas públicos.

O artigo 63 bis modifícase asimesmo para introducir no mesmo os máis modernos criterios de avaliación da actividade das administracións públicas, para medir, ademais do rendemento do persoal ao servizo das administracións públicas, o grado de calidade na prestación dos servizos públicos, atendendo especialmente á proxección na cidadanía das medidas de mellora e modernización.

Outro bo número de medidas de reforma tenden a introducir na Lei da función pública de Galicia, mecanismos eficaces de conciliación da vida persoal, laboral e familiar. As medidas están inspiradas en boa medida no Plan integral para a conciliación da vida personal e laboral na Administración Xeral do Estado, aprobado polo Goberno central co aval das organizacións sindicais máis representativas. Porén, tentase introducir melloras en algunhas cuestións.

O marcado carácter social da reforma da lei inspira tamén a disposición adicional 7ª, onde se introducen unha serie de medidas para facilitar o acceso ó emprego público das persoas con discapacidade, de conformidade co establecido na normativa estatal. A administración pública debe ser unha organización modélica no establecemento de políticas de integración laboral, facendo efectivo o mandato constitucional, dirixido a tódolos poderes públicos e relativo a protección das persoas con discapacidade, a e promoción da súa integración, como un dos principios reitores da política social.

A lei establece prazos a un proceso amplo de funcionarización tentando rematar deste xeito coa anomalía que supón que persoas suxeitas a réxime laboral estean a realizar tarefas reservadas a funcionarios. Como di a xurisprudencia constitucional, nas administracións públicas a regra xeral debe ser o

carácter funcional do persoal, tendo carácter taxado os supostos nos que se admite a contratación de persoal laboral.

Introdúcese unha disposición adicional referente a un colectivo moi determinado, que foi transferido á Xunta de Galicia dende o Estado trala realización dun plan de emprego, recoñecendo a asimilación dos seus dereitos ó do persoal laboral fixo, e prevendo especificamente a súa funcionarización con carácter voluntario.

Para rematar, a Lei establece o marco dun proceso de transformación de emprego temporal en emprego fixo. A loita contra a temporalidade nas Administracións Públicas ten sido obxecto de seria preocupación. As elevadas taxas de temporalidade deben reducirse a través de instrumentos absolutamente rigorosos no cumprimento dos principios básicos no acceso ó emprego público pero, que ao mesmo tempo, teñan en conta a experiencia acadada no desempeño do posto con carácter temporal ou interino. A medida, porén, ten carácter excepcional, e queda limitada a un número de prazas determinado ou determinable.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a seguinte Lei de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia:

Artigo Único. Modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia:

Un. Engádese o número 6 ao artigo 3, co tenor seguinte:

"Esta Lei, e a súa normativa de desenvolvemento, será de aplicación supletoria ao persoal de administración e servizos das universidades galegas".

Dous. Modifícase o artigo 6.1, que queda redactado como segue:

"É persoal eventual aquel que, en virtude de libre nomeamento das persoas titulares dos diferentes departamentos da administración da Comunidade Autónoma e con carácter non permanente, ocupa un posto de traballo expresamente cualificado de confianza ou de asesoramento especial, e que non estea reservado a persoal funcionario ou laboral."

Tres. Modifícase o artigo 6.3 queda redactado como segue:

"O Consello da Xunta de Galicia determinará o número de postos reservados a persoal eventual, coas súas características e retribucións, dentro dos correspondentes créditos presupostarios consignados para o efecto.

A Consellería competente en materia de Función Pública levará un rexistro no que figuren as titularidades académicas e as remuneracións percibidas polo persoal eventual."

Catro. Engádese un segundo parágrafo o artigo 7.1 coa redacción seguinte.

"Por mor da acumulación de tarefas reservadas a persoal funcionario, con carácter excepcional, e previo informe favorable das Consellerías competentes en materia de Función Pública e Economía, poderá nomear persoal funcionario interino sen adscrición a praza dotada orzamentariamente. Os nomeamentos durarán un máximo de seis meses dentro dun período máximo de doce.

En ningún caso os nomeamentos por esta causa poderán superar o 20% do total do persoal funcionario do centro directivo, nin o 3% do persoal funcionario da Xunta de Galicia."

Cinco. Modifícase o artigo 7.3, que queda redactado como segue:

"3. O persoal interino cesará no seu posto cando a súa praza sexa cuberta por un funcionario con carácter definitivo ou por medio dunha adscrición provisional, cando se amortice a dita praza, cando desaparezan as razóns de necesidade ou urxencia que motivaron o seu nomeamento, ou polo transcur-

so do prazo máximo de duración do nomeamento, no suposto de acumulación de tarefas.”

Seis. Engádesse un novo apartado 5 o artigo 7 coa seguinte redacción:

“5. O persoal interino gozará, no relativo ao fomento da igualdade, e á erradicación das discriminacións por razón de xénero, dos mesmos dereitos recoñecidos ao persoal funcionario” .

Sete. Modifícase o artigo 9 queda redactado como segue:

“1. É persoal laboral aquel que, en virtude de contrato de natureza laboral, que se deberá formalizar, en todo caso, por escrito, ocupe postos de traballo destinados a persoal desta natureza, ou ben, con carácter excepcional, postos reservados a persoal funcionario.”

2.- Para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural, en caso de vacante ou por razóns de necesidade ou urxencia que deberán ser debidamente motivadas, poderase contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente. O contrato deberase formalizar necesariamente por escrito.

A contratación deste persoal non amparado polo disposto nos apartados anteriores dará lugar á responsabilidade persoal da autoridade ou do funcionario que a autorízase.

3. A Administración non poderá converter en fixa ou indefinida unha relación laboral de carácter temporal. Porén, a administración deberá crear nas relacións de postos de traballo aquelas prazas correspondentes a tarefas de carácter estrutural, que fosen realizadas por persoal laboral temporal, procedendo á súa inmediata cobertura polo procedemento legal e regulamentariamente previsto.

4. Cando, por mor dunha resolución xudicial firme ou por resolución administrativa, se recoñeza a duración indefinida non fixa da relación laboral dunha persoa non contratada baixo tal modalidade, a Administración deberá ofertar, no primeiro procedemento de provisión, mediante persoal funcionario ou laboral fixo segundo proceda, o posto de traballo ocupado por ela.

Se a persoa declarada laboral indefinida non estivese adscrita a un posto de traballo, no prazo máximo de dous meses desde a firmeza da sentenza iníciase o procedemento para a inclusión do devandito posto na relación de postos de traballo da consellería ou organismo afectado, axustándose o procedemento de modificación e as características da praza ao previsto no artigo 25 desta lei. Unha vez modificada a relación de postos de traballo, a persoa afectada pola sentenza será adscrita ao posto de nova creación, e procederase á cobertura deste segundo o disposto no parágrafo anterior.”

Oito. Modifícase o apartado 12 do artigo 12, que queda redactado como segue:

“Establecer as bases do sistema obxectivo para o fomento da promoción interna de todo o persoal ao servizo da Administración galega de conformidade cos termos previstos nos artigos 60 e 61 da presente Lei.”

Nove. Modifícase o apartado 2.7 do artigo 13 queda redactado como segue.

“Propoñer a oferta de emprego público, logo de informe favorable da Consellería competente en materia de Facenda, previo informe da Comisión Superior de Persoal, que garantirá que non contén requisitos que determinen un prexuízo para as mulleres ou para un colectivo maioritariamente feminino”.

Dez. Modifícase a letra a) do artigo 17 queda redactado como segue:

“Emitir informe con carácter preceptivo no prazo que regulamentariamente se determine, e non superior, en todo caso, a dous meses, sobre os anteproxectos de Lei e proxectos de regulamento, en materia de emprego público autonómico.”

Con carácter facultativo, emitirá informes sobre os proxectos normativos de rango legal ou regulamentario relativos á Función Pública a petición das diferentes Administracións Públicas.”

Once. Modifícase o artigo 21, que queda redactado como segue.

"Os corpos de persoal funcionario dependerá orgánicamente da Consellería competente en materia de Función Pública, sen prexuízo da que funcionalmente lles corresponda, agás que unha norma con rango de Lei estableza o contrario."

Doce. Modifícase o artigo 23, que queda redactado como segue.

"As entidades locais constituirán un Rexistro de persoal, sometido ao réxime de publicidade que se determine regulamentariamente, consonte á normativa en materia de protección de datos de carácter persoal."

A administración autonómica cooperará coas entidades locais na constitución dos seus Rexistros de persoal cando aquelas carezan de suficiente capacidade financeira, e poderá delegar esta función nas Deputacións Provinciais."

Trece. Modifícase o artigo 25, apartado 3, que queda redactado como segue.

"3.- As devanditas relacións serán públicas, e tanto na súa elaboración como nas modificacións posteriores deberán ser informadas polos correspondentes órganos de representación das empregadas e empregados públicos, exclusivamente cando supoñan modificación das condicións de traballo daqueles."

Catorce. Engádese un parágrafo 2º, ó apartado 1 do artigo 27, coa redacción seguinte:

"Os concursos para provisión de postos de persoal funcionario deberán ser convocados cunha periodicidade anual e serán resolto en 6 meses, dende a publicación das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas. A administración da Xunta de Galicia garantirá a existencia dos medios materiais e persoais que fagan posible esta periodicidade, e garantiran a axilidade da resolución dos procedementos."

Quince. Modifícase o artigo 27.7, que queda redactado como segue.

"A Administración da Xunta de Galicia poderá adscribir ás funcionarias e aos funcionarios a postos de traballo en distinta unidade ou localidade, logo de solicitude baseada en motivos de saúde ou rehabilitación do funcionario ou funcionaria, o seu cónxuxe, ou persoa unida por análoga relación de afectividade, dos fillos e fillas ao seu cargo, ou dos ascendentes no primeiro grado de consanguinidade, cando concorran os seguintes requisitos:

- a) Informe previo favorable do servizo médico oficial legalmente establecido.
- b) Existencia de postos vacantes con asignación orzamentaria.
- c) Que o nivel de complemento de destino e específico do posto de destino non sexa superior ao do posto de orixe
- d) Que o funcionario ou funcionaria reúna os requisitos para o seu desempeño.
- e) No caso dos ascendentes, que o funcionario ou funcionaria conviva con aqueles.

Esta adscripción terá carácter provisional, reservándose o posto de traballo de orixe da funcionaria ou funcionario, sempre que o ocupase con carácter definitivo, mentres se manteña a causa que motiva a adscripción. Coa periodicidade que regulamentariamente se determine e, en todo caso, cada ano, deberá comprobarse que persisten as circunstancias que deron lugar á adscripción."

Dezaséis. Engádese un novo número 8 no artigo 27, coa seguinte redacción:

"A funcionaria vítima de violencia sobre a muller que se vexa obrigada a abandonar o posto de traballo na localidade onde viña prestando os seus servizos, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terá dereito preferente a ocupar outro posto de traballo propio do seu corpo ou escala e de semellantes características que estea vacante e cuxa provisión sexa necesaria.

Nestes supostos a Administración da Xunta de Galicia estará obrigada a comunicarlle as vacantes de necesaria provisión que se atopen na mesma localidade ou nas localidades que a interesada expresamente solicite. Este traslado terá a consideración de traslado forzoso."

Dezasete. Modifícase o artigo 28, que queda redactado como segue:

"Só se poderán cubrir polo sistema de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario os postos de traballo de subdirectora ou subdirector xeral, as secretarías de altos cargos así como aqueloutros de carácter directivo ou de especial responsabilidade para os que, excepcionalmente, así se determine nas relacións de postos de traballo."

Dezaioito. Modifícase o artigo 33, que queda redactado como segue:

"Para darlle cumprimento a normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito dos administrados ao uso da lingua propia de Galicia nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade autónoma e en cumprimento da obriga de promover o uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o art. 6.3 de la Lei de Normalización lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e nas entidades locais de Galicia, terá que demostrarse o coñecemento da lingua galega.

A estes efectos as bases das convocatorias poderán establecer que unha ou máis das probas do proceso selectivo deban realizarse exclusivamente en lingua galega e iso, sen prexuízo de outras probas adicionais, que puidesen preverse, para aqueles postos que requiran un especial coñecemento da lingua galega."

Dezanove. Engádese un número 2 o artigo 34 coa seguinte redacción.

"2.- A selección do persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou de concurso-oposición libre nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade."

Vinte. Queda derogado o parágrafo 2º do número 2 do artigo 42.

Vinte e un. Engádese un novo número 3 no artigo 42, coa seguinte redacción:

"No marco dos acordos que as administracións públicas subscriban coa finalidade de facilitar a mobilidade entre os funcionarios destas, terán especial consideración os casos de mobilidade xeográfica das funcionarias vítimas de violencia de xénero."

Vinte e dous. Engádese un novo número 4 no artigo 42, coa seguinte redacción:

"En ningún caso, o persoal doutras administracións, en servizo activo na administración da Xunta de Galicia poderá superar o 5% dos efectivos totais cos que ésta conte.

Vinte e tres. Suprímese o número 5 do artigo 46.

Vinte e catro. Modifícase o número 8 do artigo 52, que queda redactado como segue:

"Cando se desempeñen cargos electivos retribuídos e de dedicación exclusiva nas entidades locais, cando se desempeñen responsabilidades de órganos superiores e directivos municipais, e cando se desempeñen responsabilidades de membros dos órganos locais para o coñecemento e a resolución das reclamacións económico-administrativas."

Vinte e cinco. Engádense novos números 17, 18 e 19 no artigo 52, coa seguinte redacción:

"17. Cando sexan nomeados como titulares de Subsecretarías, Secretarías Xerais Técnicas ou

Direccións Xerais da Administración xeral do Estado”.

“18. Cando sexan nomeados como titulares das Subdelegacións do Goberno nas provincias ou das Direccións insulares da Administración xeral do Estado e non opten por permanecer na situación de servizo activo na súa Administración de orixe.

19. Cando sexan nomeados para desempeñar postos nas áreas funcionais da Alta Inspección de Educación, funcionarios ou funcionarias dos corpos docentes ou escalas en que se ordea a función pública docente”

Vinte e seis. Modifícase o segundo parágrafo do número 4 do artigo 55, que queda redactado como segue:

“O persoal funcionario tamén terán dereito a un período de excedencia, de duración non superior a un ano, prorrogable ata un máximo de dous, para atenderen o coidado dun familiar, ata o segundo grao, inclusive, de consanguinidade ou afinidade, que se encontre ao seu cargo, e que, por razóns da súa avanzada idade, accidente, enfermidade ou discapacidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.”

Vinte e sete. Engádeselle un novo número 6 ao artigo 55, coa seguinte redacción:

“6. Excedencia por razón de violencia sobre a muller funcionaria. As funcionarias vítimas de violencia de xénero, para faceren efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terán dereito a solicitar a situación de excedencia sen necesidade de teren prestado un tempo mínimo de servizos previos e sen que resulte de aplicación ningún prazo de permanencia nela. Durante os seis primeiros meses terán dereito á reserva do posto de traballo que desempeñasen, e este período será computable para efectos de ascenso, trienios e dereitos pasivos.

Non obstante, cando das actuacións de tutela xudicial resulte que a efectividade do dereito de protección da vítima o exige, poderase prorrogar por períodos de tres meses, cun máximo de trinta e seis, o período en que, de acordo co parágrafo anterior, se terá dereito á reserva do posto de traballo con idénticos efectos aos sinalados no devandito parágrafo.”

Vinte e oito. Modifícase o número 2 do artigo 60, que queda redactado como segue:

“Nas convocatorias das probas selectivas reservárase un mínimo dun vinte e cinco por cento das vacantes convocadas para persoal funcionario pertencente a corpos ou escalas do grupo inmediatamente inferior que, posuíndo a titulación exixida e os demais requisitos inherentes á vacante que se vai cubrir, teñan prestado servizos efectivos durante polo menos dous anos no corpo ou escala de pertenza.

Poderá participar nos procesos de promoción interna para o acceso ó corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C), o persoal funcionario do corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D) que, inda que carezan da titulación esixida para a pertenza ó grupo C, acredite unha antigüidade mínima de dez anos no grupo D, ou ben teña unha antigüidade mínima de cinco anos e superen os cursos de formación que regulamentariamente se determinen.

As devanditas probas, nas cales se deberán respectar os principios de igualdade, mérito e capacidade, poderanse levar a cabo en convocatorias independentes das de ingreso cando, por conveniencia da planificación xeral dos recursos humanos, así o autorice o Consello da Xunta de Galicia.”

Vinte e nove. O artigo 63. bis queda redactado como segue:

“1. A Xunta de Galicia desenvolverá un programa de avaliación co obxecto de medir a calidade, a eficacia e a eficiencia da Administración Autonómica, tendo como obxectivo a satisfacción da cidadanía e a mellora na xestión dos servizos públicos. A tal fin artellará un sistema que, entre outros factores, terá en conta necesariamente:

- a) O grao de satisfacción das cidadás e dos cidadáns respecto dos servizos que se lle presten,

b) A boa xestión e organización da estrutura administrativa, promovendo a utilización por parte do persoal directivo dos datos derivados da xestión para a toma de decisións,

c) A implicación en procesos innovadores e de boas prácticas en pos da excelencia, así como

d) A normalización e racionalización de procesos.

2. Os resultados obtidos a través deste sistema de avaliación serán obxecto dun informe anual elaborado polo centro directivo con competencias en materia de avaliación da calidade, que se trasladará ao órgano de seguimento competente e, no seu caso, ós órganos que se constitúan para a posta en coñecemento do proceso. Un decreto do Goberno Galego determinará a composición e funcionamento destes órganos, así como o procedemento de avaliación.

3. A Xunta de Galicia a través do órgano que se determine regulamentariamente desenvolverá un programa de recoñecementos para aquelas iniciativas que máis destaquen nos diferentes ámbitos obxecto de avaliación. Asimesmo, os resultados de dito proceso poderán terse en conta para a adopción de medidas de incentivación do persoal ao servizo da Administración.

4. O desenvolvemento destes programas, basearase en sistemas obxectivos, sometidos a criterios de transparencia, imparcialidade, non discriminación e participación sindical, e se aplicarán sen prexuízo dos dereitos das empregadas e empregados públicos.

Trinta. Engádase un novo número 4 ó artigo 69, coa seguinte redacción:

"Os permisos de maternidade, paternidade e lactación, así como os períodos de incapacidade temporal derivados do embarazo, poderán acumularse ó período de vacacións, mesmo despois da finalización do ano natural, ó que aquelas correspondan."

Trinta e un. Engádeselle un novo parágrafo terceiro á letra a) do artigo 70:

"Polo tempo indispensable e, como máximo de tres meses de duración, nos supostos de adopción internacional cando sexa necesario o desprazamento previo dos pais ó país de orixe da persoa adoptada.

O persoal que goce deste permiso percibirá tan só as retribucións básicas, mentres dure o mesmo.

Trinta e dous. O artigo 70 apartado 1. letra b, queda redactado como segue:

"b) Por traslado de domicilio sen cambio de residencia, 1 día na mesma localidade e 2 días se hai cambio de localidade. Se a unidade familiar está composta por dous ou máis membros, o permiso será de dous días, sen cambio de localidade e catro si existe cambio."

Trinta e tres. Modifícase a letra d) do apartado 1 do artigo 70, que queda coa seguinte redacción:

"d) Para concorrer a exames finais e demais probas definitivas de aptitude e avaliación en centros oficiais, polo tempo indispensable para a súa realización incluídos os desplazamentos, no seu caso."

Trinta e catro. Modifícase a letra e) do artigo 70.1:

"O funcionario ou funcionaria cun fillo menor de doce meses terá dereito a unha hora diaria de ausencia do traballo. Este período de tempo poderase dividir en dúas fraccións ou substituírse por unha redución de xornada de unha hora.

A funcionaria ou funcionario poderá optar por substituír esta redución de xornada por unha ampliación do permiso de maternidade de catro semanas ininterrompidas.

Trinta e cinco. A letra f) do número 1, queda redactada como segue:

"Quen, por razóns de garda legal, teña ó seu coidado directo algún menor de 12 anos, unha persoa de idade avanzada que requira especial dedicación ou un diminuído psíquico ou físico que non desempeñe actividade retribuída terá dereito a unha dismución de un tercio ou un medio da xornada de traballo, coa redución proporcional das súas retribucións

Terá o mesmo dereito o persoal funcionario que precise encargarse do coidado directo dun familiar ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns da súa avanzada idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e que non desempeñe actividade retribuída."

Trinta e seis. Engádesse unha nova letra h) ó número 1 do artigo 70, que queda redactada como segue:

"As empregadas e empregados públicos terán dereito a ausentarse do traballo para someterse a técnicas de fecundación asistida polo tempo necesario para a súa realización e previa xustificación da necesidade de goce dentro da xornada de traballo."

Trinta e sete. Engádeselle unha nova letra i) ó número 1 do artigo 70, coa seguinte redacción:

"Para atender o coidado dun familiar en primeiro grao, por razón de enfermidade moi grave a funcionaria ou funcionario terá dereito a solicitar unha redución de ata o 50% da xornada laboral, de carácter retribuído, polo prazo máximo dun mes, prorrogable, en circunstancias excepcionais, e atendendo á extrema gravidade da enfermidade padecida, ata un período máximo de dous meses."

Trinta e oito. Engádeselle unha nova letra j) ó número 1 do artigo 70, coa seguinte redacción:

"O persoal funcionario terá dereito a ausentarse para acompañar ás revisións médicas a fillos e fillas e a maiores ao seu cargo".

Trinta e nove. Engádeselle unha nova letra k) ó número 1 do artigo 70, coa seguinte redacción:

"Poderase flexibilizar o horario fixo en 3 horas con carácter excepcional, persoal e temporal, por motivos relacionados coa conciliación da vida persoal e nos casos de familias monoparentais".

Corenta. Modifícase o parágrafo terceiro do número 4 do artigo 70, que queda redactado como segue:

"Nos casos de nacemento de fillas e fillos prematuros ou nos que, por calquera motivo, estos teñan que permanecer hospitalizados despois do parto, o funcionario ou funcionaria ten dereito a ausentarse do lugar de traballo ata un máximo de dúas horas diarias, percibindo as retribucións íntegras. En ditos supostos, o permiso de maternidade pode computarse, a instancia da nai ou, no seu defecto, do pai, a partir da data da alta hospitalaria. Exclúense deste cómputo as primeiras seis semanas posteriores ao parto, de descanso obrigatorio para a nai."

Corenta e un. Modifícase o número 5, que queda redactado como segue:

"O funcionario, ou funcionaria cando estea casada ou unida de feito en análoga relación de afectividade con persoa do seu mesmo sexo, terá dereito a un permiso retribuído sexa cal sexa a situación laboral da nai, coa duración de dez días naturais, ou de quince se o parto é múltiple, que se computarán desde o nacemento do fillo ou da filla, adopción ou acollemento preadoptivo ou permanente. O devandito permiso será acumulable a calquera outro dereito recoñecido na normativa aplicable, inclusive o permiso de nacemento de fillo ou filla e, se ambos os dous se acumulasen, o permiso recoñecido neste precepto computarase desde a finalización do permiso de nacemento do fillo ou da filla.

O pai ou, no caso de proceder, a nai, non terá dereito ao permiso se os proxenitores non están casados nin están unidos de feito en análoga relación de afectividade, ou se non se lle recoñeceu, en resolución xudicial ditada en proceso de nulidade, separación ou divorcio iniciado antes do goce do permiso, a garda do fillo ou da filla que acaba de nacer. En todos eses casos, a nai, se fose persoal ao servizo da Administración pública galega, poderá utilizar, sexa cal sexa a situación laboral do pai, este per-

miso, con carácter ininterrompido, desde a finalización da licenza de maternidade. Tamén o poderá utilizar, en iguais termos, se a persoa que está a gozar do permiso, falecese antes do goce íntegro do mesmo ou se a filiación paterna non estivese determinada.”

Corenta e dous. Engádese un novo número 6 no artigo 70, coa seguinte redacción:

“Nos casos en que as funcionarias vítimas de violencia de xénero teñan que ausentarse por isto do seu posto de traballo, estas faltas de asistencia, totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou saúde, segundo proceda.

As funcionarias vítimas de violencia sobre a muller, para faceren efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terán dereito á redución da xornada coa diminución proporcional da retribución, ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que lles poidan ser aplicables, nos termos que para estes supostos estableza a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.”

Corenta e tres. Modificación da disposición adicional 7ª

“7ª. Acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

1. Nas ofertas de emprego público reservarase unha cota non inferior ao sete por cento das vacantes para seren cubertas entre persoas con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento, de modo que progresivamente se alcance o dous por cento dos efectivos totais da Administración da Xunta de Galicia e dos seus organismos autónomos, sempre que superen as probas selectivas e que, no seu momento, acrediten o indicado grao de minusvalidez e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes, segundo se determine regulamentariamente.

2. A reserva farase sobre o cómputo total das vacantes incluídas na oferta de emprego público, podendo concentrarse as prazas reservadas para persoas con discapacidade naquelas convocatorias que se refiran a corpos, escalas ou categorías cuxo desempeño se adapte mellor ás peculiaridades das persoas discapacitadas.

3. Cando da aplicación da porcentaxe resulten fraccións decimais, redondearase por exceso para o seu cómputo.

4. Se as prazas reservadas e que foron cubertas polas persoas con discapacidade non alcanzasen a taxa do tres por cento das prazas convocadas, as prazas non cubertas acumularanse á cota do sete por cento da oferta seguinte, cun límite máximo do 12 por 100.

5. Unha vez acadado o obxectivo do dous por cento a que se refire o parágrafo 1 desta disposición, a porcentaxe mínima de reserva será do 5 por cento, e non serán de aplicación os parágrafos tres e catro da presente disposición mentres a porcentaxe se manteña ou se incremente.

6. Poderanse realizar convocatorias independentes, non supeditadas ás ordinarias, nas cales as prazas estarán reservadas a persoas con discapacidade cuxo grao de minusvalidez sexa igual ou superior ao 33 por 100. As probas terán o mesmo contido e grao de exixencia que as que se realicen nas convocatorias ordinarias. En calquera caso, as persoas que participen na convocatoria deberán acreditar a discapacidade e o grao de minusvalidez. As prazas incluídas nestas convocatorias computaranse, en todo caso, na cota reservada na oferta de emprego público para a súa cobertura entre persoas con discapacidade.

7. Nas probas selectivas, incluíndo os cursos de formación ou períodos de prácticas, estableceranse para as persoas con discapacidade con grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por 100 que o soliciten as adaptacións e os axustes razoables necesarios de tempo e medios para a súa realización, para asegurar que as persoas con discapacidade participan en condicións de igualdade.

8. Unha vez superado o proceso selectivo, as persoas que ingresen en corpos ou escalas de persoal funcionario ou categorías de persoal laboral da Administración autonómica e dos seus organismos

autónomos e que fosen admitidas na convocatoria ordinaria con prazas reservadas para persoas con discapacidade poderanlle solicitar ao órgano convocante a alteración da orde de prelación para a escolla das prazas dentro do ámbito territorial que se determine na convocatoria, por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que deberán ser debidamente acreditados. O órgano convocante decidirá a devandita alteración cando estea debidamente xustificada, e deberase limitar a realizar a mínima modificación na orde de prelación necesaria para posibilitar o acceso ao posto da persoa discapacitada.”

Corenta e catro. Engádese unha disposición adicional 15ª, que queda redactada como segue:

“O persoal que, con efectos anteriores a 7 de outubro de 1996, tivese recoñecida a condición de indefinido na súa relación laboral por sentenza xudicial firme ou por resolución da Subsecretaría de Traballo e Asuntos Sociais de 24 de xullo de 1997 en virtude das previsións contidas no Plan de Emprego do INEM, terá os mesmos dereitos que o persoal laboral fixo.

Este persoal será obxecto de funcionarización, mediante un procedemento selectivo que respecte os principios de igualdade, mérito e capacidade. O persoal que non participe, ou participando, non supe-re o proceso de funcionarización, conservará tódolos seus dereitos, como persoal laboral da Xunta de Galicia.

O proceso de funcionarización deberá iniciarse no prazo máximo de doce meses a partires da entrada en vigor desta Lei.”

Corenta e cinco. A disposición transitoria 1ª queda redactada como segue:

“No prazo máximo de 12 meses dende a entrada en vigor desta Lei, a Xunta de Galicia convocará as probas selectivas para a realización dun proceso de funcionarización do persoal laboral fixo que ocupe prazas que, pola natureza das súas funcións deban ser ocupadas por persoal funcionario, previa valoración, clasificación e determinación dos postos de traballo afectados, que será aprobada polo Consello da Xunta de Galicia.

As probas selectivas que se realicen no marco do proceso de funcionarización, respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, de mérito e capacidade e valorarán, entre outros méritos, o tempo de servizo prestado como persoal laboral nos postos obxecto de funcionarización”

Corenta e seis. Modifícase a disposición transitoria 2ª, que queda redactada como segue:

“O persoal funcionario que ocupe postos que antes da entrada en vigor desta lei estivesen clasificados como de libre designación e que, posteriormente, deixen de ter esta forma de cobertura, seguirán ocupando os mesmos postos de traballo ata a provisión destes, aínda que se poderá dispor discrecionalmente o seu cesamento antes da devandita provisión.

No caso do cesamento a que se refire o parágrafo anterior, poderase cubrir o posto de traballo con outra empregada ou empregado público de xeito provisional, mediante adscrición ou comisión de servizos, que rematará cando se provexa definitivamente a praza.

Corenta e sete. Modificación da disposición transitoria terceira.

“O disposto no artigo 9.4 será de aplicación para as declaracións xudiciais de indefinición que se produzan trala entrada en vigor desta Lei de reforma. Non obstante, no período máximo de un ano a partires da entrada en vigor da Lei, deberán realizarse, de selo caso, os procesos de creación de prazas, derivadas de declaracións xudiciais anteriores a dita data. As prazas deberán ser cubertas, polo oportuno sistema de selección ou provisión, no prazo mais breve posible.”

Corenta e oito. A disposición transitoria 16ª queda redactada como segue:

“Dentro do marco das medidas de redución da temporalidade e co obxecto de aumentar a estabilidade no emprego público na administración xeral da Xunta de Galicia, a comunidade autónoma galega desenvolverá, por unha soa vez por praza, un proceso selectivo de carácter extraordinario para a substi-

tución de emprego interino ou temporal por emprego fixo.

Será de aplicación a estes procesos o disposto no artigo 60.2 desta Lei.

O proceso afectara a aquelas prazas que estén cubertas interina ou temporalmente con anterioridade o 1 de xaneiro de 2005, e que segan temporal ou interinamente cuberta no momento da convocatoria.

As prazas que no momento da entrada en vigor desta disposición estén na situación prevista no parágrafo anterior, reservaránse para a súa oferta nos procesos extraordinarios que se realicen.

Os procesos selectivos respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, e efectuaranse polo sistema de concurso-oposición aberto.

O contido das probas gardará relación cos procedementos, tarefas e funcións habituais dos postos obxecto de cada convocatoria. Na fase de concurso poderán valorarse, entre outros méritos, o tempo de servizos prestados nas Administracións Públicas e a experiencia nos postos de traballo obxecto da convocatoria.”

A valoración de méritos das persoas que superasen a fase de oposición, sólo poderá outorgar unha puntuación proporcionada, que non determinará por sí mesma, o resultado do proceso selectivo.”



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org